

Consello de Contas
de Galicia



MEMORIA DE ACTIVIDADES

EXERCICIO 2015

ÍNDICE

MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2015.....	3
MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2015.....	4
I. INTRODUCCIÓN.....	4
II. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.....	5
III. FUNCIÓN FISCALIZADORA.....	10
IV. ASUNCIÓN DE NOVAS FUNCIÓNS.....	12
V. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS.....	12
V.1. PERSOAL.....	12
V.2. FORMACIÓN.....	14
V.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO.....	14
V.3.1. Arquivo e xestión documental.....	15
V.3.2. Biblioteca e centro de documentación.....	15
V.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA.....	17
V.4.1. Proxectos de desenvolvemento.....	17
V.4.2. Formación e divulgación.....	17
VI. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL.....	18
VII. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA.....	19
VII.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EJERCICIO 2014.....	19
VII.1.1. Créditos iniciais. Modificacións e créditos definitivos.....	19
VII.1.2. Obrigas e pagamentos.....	20
VII.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO EJERCICIO 2015.....	22
VII.2.1. Previsións iniciais, dereitos e recadación.....	22

MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2015

En cumprimento do previsto nos artigos 20 da Lei de Galicia 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas e 63 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non legislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2015, integrada polos seguintes documentos:

Documentos
Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2015
Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2015
Informe sobre as contas rendidas en 2015 correspondentes ao exercicio 2014
Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia
Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex.2014
Informe de Fiscalización da Conta Xeral da Administración, ex. 2014
Informe de Fiscalización do Plan Ágora. Agora Re-comercia, ex.2010-2013
Informe de Fiscalización do Programa de Ordenación das producións forestais, ex. 2013
Informe de Fiscalización de Subvencións e Axudas da Administración da Comunidade Autónoma (Fondos Propios), ex. 2012-2013.
Informe de Fiscalización de Encomendas de Xestión, ex. 2013
Informe de Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, ex. 2014.
Informe de Fiscalización sobre os Obxectivos da Área do Sergas formulados no documento Orzamentario, ex. 2011-2013.
Informe de Fiscalización dos Fondos europeos, ex. 2014
Informe de Fiscalización dos Fondos de compensación interterritorial, ex 2013
Informe Económico Financeiro das Entidades Instrumentais Autonómicas, ex. 2014
Informe de Fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas intervencións locais. Concellos entre 25.000 e 100.000 habitantes, ex.2013
Informe de Fiscalización sobre o Plan de pago a provedores das entidades locais de Galicia, ex.2013
Informe de Fiscalización da Conta Xeral das Entidades Locais, ex. 2014.
Informe de Fiscalización da Xestión recadatoria de tributos, prezos públicos e outros delegados polos concellos na Deputación de A Coruña, ex. 2012
Informe de Fiscalización da Xestión recadatoria de tributos, prezos públicos e outros delegados polos concellos na Deputación de Lugo, ex. 2012
Informe de Fiscalización da Xestión recadatoria de tributos, prezos públicos e outros delegados polos concellos na Deputación de Pontevedra, ex. 2012
Informe de Fiscalización da Xestión recadatoria de tributos, prezos públicos e outros delegados polos concellos na Deputación de Ourense, ex. 2012
Informe de Fiscalización do Concello de Viveiro, ex. 2011

Non se achega o informe previsto na letra e), apartado 2, do artigo 63 do Regulamento, sobre actividades xurisdicionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Contas, ao non producirse ningunha delegación do devandito tribunal nese sentido.

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.

I. INTRODUCCIÓN.

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego, foi creado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Galicia 6/1985 que regula a súa organización e funcionamento foi modificada pola Lei 4/1986, do 26 de decembro e, neste exercicio 2015, pola lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción.

O Tribunal Constitucional na súa Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou, entre outras cuestións, que as competencias do Consello de Contas en materia de axuízamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Contas.

Por Acordo do 2 de xuño de 1992 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia, aprobouse o Regulamento de Réxime Interior da institución, ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das actividades do Consello de Contas produciuse o 1 de marzo de 1991, ao tomar posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados aos tres anos, isto é en xullo de 1994, para así poder axustar os nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1994, 1995, 1997, 2000, 2003, 2007, 2009, 2013 e 2015 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.

Neste exercicio 2015, a nova Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas incide sobre a finalidade de reforzar as competencias deste órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Pola súa relevancia, destacamos algunhas novidades que presenta esta nova regulación:

Atribúenselle ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma, creando unha nova sección no Consello de Contas, a de Prevención da Corrupción, que estará presidida polo conselleiro ou conselleira maior e asistida por todo o persoal do Consello.

No ámbito da fiscalización adiantase a data de rendición da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que queda fixada no 30 de setembro, e, a través da lei, o Consello asume a competencia de fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico e reforzase o mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de comunicacións de persoas físicas ou xurídicas.

No ámbito consultivo, ábrese a vía para que o Consello, por petición dos órganos competentes, poida emitir informes facultativos que unifiquen os criterios que permiten levantar os reparos que no ámbito da Administración local e en materia económico-financeira se poidan presentar. Ademais o Consello pasa a ser a institución asesora da Cámara lexislativa en materia económico-financeira e asume a competencia de responder ás consultas que se lle formulen sobre a execución e liquidación dos orzamentos autonómicos, así como sobre os proxectos normativos que afecten os ingresos e os gastos.

II. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.

A composición orgánica do Consello de Contas é a establecida polo art. 6 da citada Lei 6/1985, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto. Segundo o disposto no mesmo, son órganos da Institución de control externo o Pleno, o conselleiro ou conselleira maior, a Comisión de Goberno, as Seccións de Fiscalización, de Axuizamento, de Prevención da Corrupción, os conselleiros e conselleiras e a Secretaría Xeral. As funcións que corresponden a cada un destes órganos figuran detalladas nos artigos comprendidos entre os números 7 e 11 do antedito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización, axuizamento e prevención da corrupción xunto con outras de réxime interno; os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuizamento e prevención da corrupción, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno.

Doutra banda, as atribucións do Conselleiro Maior, consisten na representación institucional, na presidencia do Pleno, da Comisión de Goberno e da Sección de Prevención da Corrupción, nas convocatorias das súas sesións e na xestión interna (exercer a xefatura superior de persoal, ordenación de gastos e pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras). A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio aos anteriores.

O Pleno do Consello de Contas de data 11 de setembro acordou, por unanimidade, propoñer ao Presidente da Xunta o nomeamento de D. José Antonio Redondo López como conselleiro maior, por expiración do mandato de D. Jesús C. Palmou Lorenzo. O nomeamento levouse a cabo mediante o Decreto 115/2015 do 11 de setembro, producíndose a toma de posesión ao día seguinte. Na

Memoria de Actividades 2015

mesma data de 11 de setembro de 2015, toman posesión as conselleiras Dona Ana María Otero López e Dona María Begoña Villaverde Gómez.

No pleno de 16 de setembro nomease secretaria xeral a Dona Isabel Torralba Mena que toma posesión o día 21 dese mes.

Por outra parte, o 14 de setembro de 2015, o Pleno da institución acordou, por unanimidade, a designación dos presidentes das Seccións de Fiscalización e de Axuizamento, recaendo respectivamente en D. Ramón J. Núñez Gamallo e Dona Ana María Otero López, así como a adscrición dos Sres. Conselleiros ás citadas Seccións e ás distintas áreas de fiscalización.

A adscrición dos Sres. Conselleiros á Sección de Prevención da Corrupción, presidida, por disposición legal, polo conselleiro maior, acordouse tamén por unanimidade na sesión do Pleno de 16 de setembro de 2015.

A 31 de decembro de 2015, a composición do Pleno é a seguinte:

Presidente: Excmo. Sr. D. José Antonio Redondo López
Vocais: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo
Excmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez Rodríguez
Excma. Sra. Dona Ana María Otero López
Excma. Sra. Dona María Begoña Villaverde Gómez
Secretaria: Ilma. Sra. Dona Isabel Torralba Mena

Á mesma data, a Comisión de Goberno está integrada polos seguintes membros:

Presidente: Excmo. Sr. D. José Antonio Redondo López
Vocais: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo
Excma. Sra. Dona Ana María Otero López
Secretaria: Ilma. Sra. Dona Isabel Torralba Mena

A adscrición dos Conselleiros ás diferentes áreas prodúcese da seguinte xeito:

- Área de Coordinación Xeral: Excmo. Sr. D. José Antonio Redondo López
- Área do Sergas: Excma. Sra. Dona Ana María Otero López
- Área de Institucional: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo
- Área de Conta Xeral: Excmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez Rodríguez
- Área de Corporacións Locais: Excma. Sra. Dona María Begoña Villaverde Gómez

No exercicio 2015, a actividade dos órganos colexiados queda reflectida no seguinte cadro:

Órganos Colexiados	Nº de sesións
Comisión de Goberno	19
Pleno	17
Sección de Fiscalización	4
Sección de Axuizamento	--
Total Sesións	40


A actividade do Consello de Contas no exercicio 2015 deu lugar ao seguinte movemento de documentos desde e para a Institución.

Entrada de documentos: 1.328


Saída de documentos: 1.288

Xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das seccións de fiscalización e axuizamento e outro da administración en xeral.

ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2015



ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN



III. FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a Lei 6/1985 sinala que o sector público galego está composto pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico, as entidades locais e organismos dependentes, as universidades públicas do sistema universitario de Galicia e as súas entidades e empresas dependentes, as cámaras agrarias, da propiedade, de comercio, industria e navegación, confrarías de pescadores e outras de natureza equivalente.

Como órgano estatutario, que emana do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Contas ou do Tribunal de Contas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financeira e contable do sector público de Galicia, as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten, ademais, encomendada a emisión de ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos, en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse, ben a iniciativa do propio Consello de Contas, que os inclúe no plan de traballo que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia, ou ben a iniciativa deste último.

As fiscalizacións poden ser de tres tipos: de cumprimento, financeiras e operativas. Nas fiscalizacións de cumprimento verifícase se as actividades cumpren, en tódolos aspectos significativos, coa normativa que as regula; nas financeiras, se a información financeira se presenta de conformidade co marco normativo que lle resulte aplicable, e nas operativas analízase se as actuacións, programas, e institucións se xestionan de conformidade cos principios de economía, eficiencia e eficacia. Pódese dar o caso de que se combinen os distintos tipos de fiscalización.

Os informes, na fase de anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométense ás alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase, pola área correspondente, un proxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización, que acorda o seu paso ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas e ao Tribunal de Contas.

O 29 de xaneiro de 1993, o Consello de Contas presentou ao Parlamento de Galicia o seu primeiro informe de fiscalización do sector público galego, referente ao exercicio 1990.

Desde 1993 á data actual, o Consello de Contas de Galicia ven presentando de forma ininterrompida ao Parlamento de Galicia os informes de fiscalización de cada exercicio.

O día 20 de febreiro de 2015 presentáronse no Parlamento de Galicia os seguintes informes de fiscalización aprobados polo Pleno da Institución na súa sesión de 22 de decembro de 2014:

Exercicio fiscalizado	Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia
2012	Actividade concertada de diálise.
2010-2011	Resumo das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Lugo.
2010-2011	Cámara de Comercio e Industria de Ourense.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Tui.
2011	Concello de Cangas.

Por outra parte, o día 23 de xuño de 2015 presentouse no Parlamento de Galicia a Memoria de Actividades e as contas da Institución correspondentes ao exercicio 2014, acompañadas polos documentos e informes de fiscalización aprobados o 16 de xuño de 2015, que se indican a continuación:

Documentos	
	Memoria de actividades, exercicio 2014
	Contas anuais, exercicio 2014
Exercicio fiscalizado	Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia
2013	Declaración definitiva sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2013
2013	Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración, exercicio 2013
2012	Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2012
2013	Informe de fiscalización de Fondos Europeos, exercicio 2013
2013	Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2013
2012	Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, exercicio 2012
2013	Informe económico-financeiro das Entidades Instrumentais autonómicas, exercicio 2013
2013	Informe da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia, exercicio 2013
2011-2012	Informe sobre a estrutura de persoal das entidades locais de Galicia, exercicios 2011-2012

As comparecencias do Conselleiro Maior ante a Comisión permanente non legislativa para as relacións co Consello de Contas tiveron lugar, respectivamente, os días 26 de marzo de 2015 e 20 de xullo de 2015.

Os informes de fiscalización aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia durante o ano 2014, atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es. Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso porse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.

IV. ASUNCIÓN DE NOVAS FUNCIÓNS

Como xa se indicou anteriormente, a Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, supón o reforzamento institucional do órgano de control externo, a través da atribución ao mesmo de novas competencias, entre as que destacan as relacionadas coa prevención da corrupción, as funcións consultivas e de fiscalización e control da actividade económico-financeira das formacións políticas que perciban subvencións da Comunidade Autónoma, no marco establecido na normativa do Estado, e a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico.

No marco da reforma legal operada, e aos efectos de dar cumprimento ao disposto na Disposición Derradeira primeira da Lei 8/2015, do 7 de agosto, o Consello de Contas de Galicia comezou os traballos de adaptación do seu actual Regulamento de Réxime Interior ás modificacións introducidas pola citada lei. O proxecto do novo Regulamento de Réxime Interior remítese ao Parlamento xunto con esta Memoria para o trámite e aprobación pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia.

O proxecto de Regulamento ademais de desenvolver de forma pormenorizada a función de fiscalización aborda esa nova función de prevención da corrupción que se atribúe ao Consello, e marca as pautas sobre as súas actuacións nesta materia.

V. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS

V.1. PERSOAL

A Relación de Postos de Traballo do persoal do Consello de Contas de Galicia, publicada no DOG nº 6 de 10.01.2006, modificada por un acordo do ano 2012 e outros dous do ano 2013, mantívose sen variacións ao longo do ano 2015.

Durante este exercicio desenvolvéronse os seguintes procedementos de libre designación para cubrir prazas vacantes:

DATA CONVOCATORIA	DATA RESOLUCIÓN	DENOMINACIÓN	Nº
18.11.2014 (DOG nº 231 do 02.12.2014)	20.05.2015 (DOG nº 138 do 23.07.2015)	Técnico de Auditoría	1

Así mesmo, con data 19/07/2015, produciuse a xubilación dun persoal funcionario.

A estrutura do persoal a 31 de decembro de 2015 é a seguinte:

PERSOAL FUNCIONARIO			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	CON DOTACIÓN ORZAMENTARIA	OCUPADAS	VACANTES
Auditor nivel 30	10	10	0
Interventor	1	1	0
Letrado Maior nivel 30	1	1	0
Letrado nivel 28	1	1	0
Auditor nivel 28	6	6	0
Xefe Servizo Informática	1	1	0
Xefes de Sección	3	3	0
Técnico de Informática	1	1	0
Técnicos de Auditoría	22	21	1
Axudantes de Auditoría	12	10	2
Axudante Arquivo e Biblioteca	1	1	0
Administrativo de Informática.	1	1	0
Secretaria/o do Secretario Xeral	1	1	0
Aux.-Admvo. (secretario/a n. 30)	2	2	0
Auxiliar-Admvo nivel 16	16	15	1
TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO	79	75*	4

* 8 Prazas ocupadas por persoal interino

PERSOAL LABORAL			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	CON DOTACIÓN ORZAMENTARIA	OCUPADAS	VACANTES
Conductor de Alto Cargo	6	6	0
Conserxe	1	1	0
Subalterno	1	1	0
TOTAL PERSOAL LABORAL	8	8	0
PERSOAL EVENTUAL			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	CON DOTACIÓN ORZAMENTARIA	OCUPADAS	VACANTES
Técnico Asesor	1	0	1
Secretaria/o	5	5	0
TOTAL PERSOAL EVENTUAL	6	5	1

No referente ao ámbito da negociación colectiva e da representación e participación do persoal, a Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario do Consello de Contas de Galicia constituída o día 15 de decembro do 2008, mantivo dúas reunións durante o ano 2015, nas que se trataron diferentes asuntos da súa competencia.

V.2. FORMACIÓN

O 8 de xullo de 2008 asinouse un convenio de colaboración coa "Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público" (FIASEP). Coa firma deste convenio o Consello de Contas adquiriu a condición de entidade colaboradora de FIASEP, integrándose, en consecuencia, como membro de pleno dereito no Consello Superior de Actividades da Fundación, ostentando a partir dese momento a facultade de nomear un representante no pleno do devandito consello, así como en todas as comisións creadas no seu seo. Así mesmo, a Institución alcanza un trato preferente no campo da formación impartida pola fundación, tanto mediante cursos de ámbito xeral como en termos de formación a medida para o persoal ao seu servizo.

No seguinte cadro reflíctense distintos cursos convocados pola FIASEP nos que participou persoal da Institución ao longo do exercicio 2015:

Cursos realizados en 2015

CURSOS FIASEP	Nº PARTICIPANTES
INTENSIVO DE SUBVENCIONES PÚBLICAS	1
LOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN Y LAS ENCOMIENDAS DE GESTIÓN EN LAS AAPP	1
AUDITORÍA DE LA LEGALIDAD: CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA Y OTROS ÁMBITOS	1
EL PRESUPUESTO PÚBLICO: CICLO Y ESTRUCTURA	1
TÉCNICAS PARA LA CONTRATACIÓN PÚBLICA EFICIENTE	1

Por outra banda, 15 funcionarios da institución asistiron aos XI Encontros técnicos e VI Foro tecnolóxico dos Órganos de Control Externo, organizados en Oviedo pola Sindicatura de Cuentas do Principado de Asturias.

Por último, no ámbito corporativo, 20 funcionarios da Institución asistiron a un o curso da ferramenta de auditoría TeamMate, impartido por Wolters Kluwer, na aula de formación da sede do Consello de Contas de Galicia entre os días 27 e 29 de abril, cunha duración de 15 horas.

Así mesmo, no marco dos convenios de colaboración que o Consello de Contas de Galicia ven asinando anualmente coa Escola Galega de Administración Pública, diferentes funcionarios da Institución asistiron a múltiples cursos organizados polo citado centro.

V.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade administrativa do Consello de Contas de Galicia cuxa función é a xestión dos recursos de información institucionais: documentación de arquivo e publicacións propias, e a obtención dos recursos bibliográficos e documentais necesarios para o desempeño das actividades de control do sector público galego e as actividades administrativas corporativas.

V.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL.

No relativo á xestión da documentación administrativa, esta Sección desempeña as funcións propias dun arquivo central, realizando tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución.

Durante o ano 2015, no Arquivo entraron 102 unidades de instalación transferidas desde as unidades de xestión e as áreas de fiscalización que foron reinstaladas e descritas ao longo do ano. Tamén ingresaron 416 contratos rendidos que foron remitidos desde a Secretaría Xeral. O Arquivo realizou 118 préstamos de documentos para a súa consulta nos despachos. Os datos quedan recollidos no seguinte cadro resumo:

2015: Unidades de instalación ingresadas e descritas– Unidades documentais prestadas

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	TOTAL
Ingresadas	40	--	--	19	41	2	102
Descritas	103	2	--	36	46	--	187
Prestadas	2	--	--	--	109	7	118
Contratos rendidos							
	Nº de documentos			Rexistros descritos			
	416			416			

V.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN.

Para o desenvolvemento das funcións propias dun servizo de **Biblioteca**, realízanse actividades de carácter técnico, de selección e tratamento da información, e tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos.

Dentro dos **procesos técnicos** son fundamentais os de localización e adquisición de fondos e documentos, e os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da Biblioteca. Os datos que resumen desempeño deste servizo son os seguintes:

Rexistros catalogados 2015

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares publicacións seriadas	Analíticas de periódicas e monográficas	Total
136	3	282	539	960

Rexistros dados de baixa 2015

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares publicacións seriadas	Analíticas de periódicas e monográficas	Total
13	45	631	0	689

Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2015

Rexistros Monografías	Rexistros Publicacións seriadas	Rexistros exemplares publicacións seriadas	Rexistros Analíticas de periódicas e monográficas	Total
9.456	386	9.407	10.577	29.826

A Sección de Arquivo e Biblioteca como centro de documentación presta **servizos de atención personalizada** en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese estimar que durante o ano 2015 a Biblioteca recibiu 1.040 visitantes entre o persoal da Institución. Os datos recollidos no seguinte cadro recollen o número de solicitudes atendidas pola Biblioteca nos servizos de Préstamo a domicilio e de Acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante eses servizos:

Servizos aos usuarios 2015

Fondos bibliográficos	Número de Solicitudes	Número de ítems	
Préstamo a domicilio	481	481	
Préstamo interbibliotecario	0	0	
Acceso ao documento	31	306 copias, 16 arquivos, 1 video	
Rexistro Mercantil	Número de Empresas	Número de solicitudes	
		Certificacións literais	Contas e outra información
	10	4	6

Ademais dos servizos de atención personalizada, de cuxa actividade dan conta os cadros anteriores, a Biblioteca presta outros **servizos de referencia e difusión da información**, empregando as seguintes canles:

- Módulo OPAC que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da Biblioteca, mesmo acceder á artigos de revistas a texto completo ou aos sumarios das monografías de maior interese.
- A intranet da institución que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da Biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual, e permite unha difusión práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.
- Correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da Biblioteca ou como canle de difusión de información de interese.

No cadro de abaixo queda constancia do número de consultas efectuadas na Intranet aos recursos e servizos da Biblioteca e tamén das consultas dos fondos da Biblioteca mediante o catálogo OPAC

Consultas 2015

Consultas no OPAC	Consultas na INTRANET					
Total OPAC	Información Xeral	Servizos	E-Biblioteca	Taboleiro	Boletín electrónico	Total Intranet
373	1.991	171	1.678	869	131	4.840

V.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA

V.4.1. PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO.

A) INCREMENTO DA PUBLICACIÓN DE DATOS EN INFORMES WEB

Seguindo a liña de traballo do exercicio anterior, dende o servizo de informática traballouse de forma intensa en seguir ofrecendo a posibilidade de publicación directamente en web de información dos datos rendidos ou agregados, ou de resultados de análises financeiras. Este traballo conxunto coas unidades de auditoría consiste en crear unha nova forma de presentación de resultados máis directa e que permita a consulta de información navegable, con filtros e cun alto nivel de desglose.

B) NOVO PORTAL WEB DO CONSELLO DE CONTAS

No exercicio 2015 publicouse un novo portal web do Consello de Contas, onde se traballou o redeseño de contidos buscando a maior accesibilidade e publicidade á información que a institución pode ofrecer, datos de rendición, información contable e transparencia interna. Todo o deseño desenvolveuse nun xestor de contidos actualizado que permitiu unha maior flexibilidade á hora da edición e adaptación das necesidades de publicación.

V.4.2. FORMACIÓN E DIVULGACIÓN.

A) PARTICIPACIÓN NO VI FORO TECNOLÓXICO

O servizo de informática participou no VI Foro tecnolóxico dos Órganos de Control Externo celebrado en Oviedo cunha presentación "Uso de ferramentas para a análise: do papel ao reporting web" en colaboración coa área de Corporacións Locais.

B) FORMACIÓN EN TEAMMATE

A raíz da última versión da ferramenta de auditoría Teammate, o Consello de Contas considerou oportuna unha formación para os usuarios (iniciais ou avanzados) que incluía asesoramento en diferentes módulos novos como TeamMate Champion, TeamRisk e TeamSchedule, así como unha revisión de mellores prácticas.

C) CONSTITUCIÓN DA OFICINA DE REXISTRO DE CERTIFICADOS DE EMPREGADO PÚBLICO

O Consello de Contas constituíuse en oficina de rexistro para poder emitir certificados electrónicos de emprego público. Así o persoal do Consello disporá de certificados electrónicos, o que permitirá avanzar en diferentes aspectos da xestión documental electrónica (sinatura electrónica) e realizar diferentes procedementos interadministrativos de xeito máis áxil.

VI. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha adecuada difusión do labor desenvolvido por esta institución.

No ano 2015, o Consello, representado polo Conselleiro Maior, participou nas seguintes reunións:

- Foro de Universidades, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas y Gobierno de la Universidad de Alcalá, en Alcalá de Henares (os días 5 e 6 de marzo de 2015)
- Viaxe a Lisboa con motivo dunha Reunión no Tribunal de Contas de Portugal o día 20 de abril de 2015.
- Seminario sobre *"El Tribunal de Cuentas en el estado moderno"*, organizado polo Tribunal de Cuentas en Madrid os días 22 e 23 de abril de 2015.
- Reunión conferencia de presidentes OCEX's o 2 de xuño de 2015 na Cámara de Cuentas de Madrid.
- Conferencia de Presidentes dos OCEX's en Oviedo o día 18 de xuño de 2015.

A Institución estivo presente, a través dos seus Conselleiros, en distintos actos, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- Foro de Economía: *"España en la economía global"*, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas da Universidade de Alcalá, no Parlamento de Andalucía (20 e 21 de xaneiro de 2015)
- Foro de Universidades: *"Universidad y Reformas"*, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas da Universidade de Alcalá, en Madrid (5 e 6 de marzo de 2015)

- Seminario sobre *"El Tribunal de Cuentas en el estado moderno"*, organizado polo Tribunal de Cuentas, en Madrid (20,21 e 22 de abril de 2015)
- Foro de Sanidade, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas da Universidade de Alcalá, en Vitoria (28 e 29 de setembro de 2015)
- Acto de Presentación del Informe Anual del Tribunal de Cuentas Europeo relativo al ejercicio 2014, en Madrid (19 de novembro de 2015)

VII. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA

VII.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2014

VII.1.1. CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS.

O orzamento de gastos do Consello de Contas correspondente ó exercicio 2015 segundo establece a Lei 11/2014, de 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, consigna créditos para gastar na Sección 02, denominada Consello de Contas, por importe de 6.484.978€.

O destino dos créditos iniciais é financiar:

- Gastos por operacións correntes. Consignando para esta finalidade 6.115.737€, que representan o 94,31% dos créditos iniciais. Dentro do gasto corrente destacan os destinados a gastos de persoal e a gastos en bens correntes e servizos, por importes de 4.925.693 € e 1.187.339 € que representan, respectivamente, o 75,96% e o 18,31% do orzamento.
- Gastos por operacións de capital e activos financeiros por importe de 333.180 € e 36.061 €, respectivamente, que representan o 5,14% e 0,55% do orzamento inicial.

Os créditos iniciais foron obxecto da seguintes modificacións:

- Unha transferencia externa por importe de 1.299.601,21€ dando de baixa no orzamento do Consello as dotacións non utilizadas a fin de exercicio.
- Unha transferencia interna por importe de 10.000 €; minorando créditos do capítulo I e creando e dotando crédito no artigo 48 para atender as cotas do Consello de Contas como membro da "Asociación de Órganos de Control Externo Autonómico".
- Estas modificacións supoñen a minoración do 20,04€ dos créditos iniciais.

Por capítulos as cifras e porcentaxes de créditos iniciais, modificacións e definitivos son:

Memoria de Actividades 2015

Capítulos	C. Iniciais	% créditos S/ orzamento	Modificacións		C. Definitivos	% variación capítulos
			Positivas	Negativas		
I	4.925.693,00	75,96	0,00	444.893,23	4.480.799,77	-9,03
II	1.187.339,00	18,31	0,00	549.187,47	638.157,53	-46,25
IV	2.705,00	0,04	10.000,00	3.040,95	9.664,05	257,27
VI	333.180,00	5,14	0,00	288.303,70	44.876,30	-86,53
VIII	36.061,00	0,55	0,00	24.061,00	11.879,14	-67,06
	6.484.978,00	100,00	10.000,00	1.309.601,21	5.185.376,79	-20,04

VII.1.2. OBRIGAS E PAGAMENTOS.

As obrigas recoñecidas ascenderon á cantidade de 5.185.376,79€ que supón a execución do 79,96% dos créditos iniciais.

Os pagamentos realizados ascenderon a 5.102.457,57€, o que supón que o 98,40% das obrigas recoñecidas durante o exercicio foron canceladas e que o 78,68% dos créditos iniciais foron gastados e pagados. Quedaron pendentes de pagamento obrigas por importe de 82.919,22€.

As obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores, por importe de 80.408,74€, foron canceladas na súa totalidade.

Por capítulos de gasto, as cifras e porcentaxes de obrigas e pagamentos son:

Capítulos	C. Iniciais	Obrigas	% Obrigas s/ c. iniciais	Pagamentos	% pagamentos s/ obrigas	% pagamentos s/ c. iniciais
I	4.925.693,00	4.480.799,77	90,97	4.430.756,84	98,88	89,95
II	1.187.339,00	638.157,53	53,75	605.281,24	94,85	50,98
IV	2.705,00	9.664,05	357,27	9.664,05	100,00	357,27
VI	333.180,00	44.876,30	13,47	44.876,30	100,00	13,47
VIII	36.061,00	11.879,14	32,94	11.879,14	100,00	32,94
	6.484.978,00	5.185.376,79	79,96	5.102.457,57	98,40	78,68

A execución por capítulos e artigos é a seguinte:

Capítulo I "gastos de persoal"

Artigos	C. Iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% Pagamentos S/ C.I.
10 "Altos cargos"	349.884,00	284.597,13	81,34	5,49	284.597,13	81,34
11 "Persoal eventual"	153.805,00	121.938,30	79,28	2,35	121.938,30	79,28
12 "Funcionarios"	3.088.175,00	2.900.852,21	93,93	55,94	2.900.852,21	93,93
13 "Laborais"	245.450,00	241.7565,70	98,50	4,66	241.765,70	98,50
15 "Incentivos ao rendemento"	324.741,00	285.723,57	87,99	5,51	285.723,57	87,99
16 "Cotas, pres. gastos sociais"	763.638,00	645.922,86	84,59	12,45	595.879,93	78,03
	4.925.693,00	4.480.799,77	90,97	86,41	4.430.756,84	89,95

Os créditos iniciais para gastos de persoal ascenderon a 4.925.693€ e representan o 75,96% do importe total do orzamento inicial. O importe das obrigas recoñecidas foi de 4.480.799,77€, o que supón que o 90,97% dos créditos destinados a gastos de persoal foron executados.

Tendo en conta a orixe legal das obrigas de gastos de persoal, os remanentes son consecuencia fundamentalmente da non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.

Capítulo II "gastos en bens correntes e servizos"

Artigos	C. Iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizado	% pagamentos S/ C.I.
20 "Alugueres e cánones"	62.906,00	50.268,21	79,91	0,97	41.467,47	65,92
21 "Reparación, mant. e cons."	244.919,00	129.374,23	52,82	2,50	128.745,73	52,57
22 "Material, submin. e outros"	791.134,00	429.774,19	54,32	8,29	406.327,14	51,36
23 "Indemnización por razón de servizo."	84.380,00	28.740,90	34,06	0,55	28.740,90	34,06
27 "Publicacións"	4.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	1.187.339,00	638.157,53	53,75	12,31	605.281,24	50,98

O importe destinado a gasto en bens correntes e servizos foi de 1.187.339€ e representa o 18,31% do importe total do orzamento inicial. O importe das obrigas recoñecidas foi de 638.157,53€, o que supón unha execución do 53,75% dos créditos dispoñibles.

Os remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegura-la financiación interna das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e o seguimento dunha política de restrición de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

Capítulo IV "Transferencias correntes"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
48 "Transf. a fam.e inst. sen ánimo de lucro"	0,00	7.664,05	--	0,15	7.664,05	--
49 "Transferencias ao exterior"	2.705	2.000,00	73,94	0,04	2.000,00	73,94
	2.705	9.664,05	357,27	0,19	9.664,05	357,27

O importe inicial destinado a gasto en transferencias correntes foi de 2.705€ e representa o 0,04% do importe total do orzamento inicial. Durante o exercicio aprobouse unha transferencia por 10.000€. O importe das obrigas recoñecidas foi de 9.664,05€.

O destino das transferencias foi cobertura financeira da participación do Consello de Contas como membro da Asociación de Órganos de Control Externo Autonómicos (ASOCEX) e da Organización Europea das Institucións Rexionais de Control Externo do Sector Público (EURORAI).

Capítulo VI "Investimentos reais"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
62 "Inv. nov asociado ao fun. op. dos servizos"	273.265,00	39.007,80	14,28	0,75	39.007,80	14,28
63 "Inv. de rep. asociado ao func.. op. dos servizos"	59.915,00	5.868,50	9,80	0,11	5.868,50	9,80
	333.180,00	44.876,30	13,47	0,87	44.876,30	13,47

O importe destinado a gasto en investimentos reais ascendeu a 333.180,00€ e representa o 5,14% do importe total do orzamento inicial. As obrigas recoñecidas por importe de 44.876,30€ supoñen un 13,47% daqueles créditos.

Os remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de investimento e a realización estrita das necesarias.

Capítulo VIII "Activos financeiros"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
83 "Concesión préstamos fóra do sector público"	36.061,00	11.879,14	32,94	0,23	11.879,14	33,28
	36.061,00	11.879,14	32,94	0,23	12.000,00	33,28

A finalidade deste gasto é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables, polo tanto o importe fórmulase con carácter preventivo e o gasto está en función das peticións formuladas.

O importe destinado a gasto en concesión de anticipos foi de 36.061 € e representa o 0,55% do importe total do orzamento inicial. O importe concedido ascendeu a 11.879,14€, o que supón unha execución do 32,94% dos créditos previstos.

VII.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO EXERCICIO 2015

VII.2.1. PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN.

Como consecuencia das cifras consignadas para gastos, a execución e a actividade financeira desenvolvida efectuáronse as previsións, dereitos e recadación seguinte:

Capítulos	Previsións iniciais	Dereitos recoñecidos	Recadación	Pendientes de Cobro
3 "Taxas, presos públicos e outros ingresos"	0,00	314,82	314,82	0,00
4 "Transferencias correntes"	6.115.737,00	5.125.985,70	5.043.066,48	82.919,22
5 "Ingresos patrimoniais"	0,00	2.320,83	2.311,98	8,85
6 "Alleamento de investimentos reais"	0,00	150,00	150,00	0,00
7 "Transferencias de capital"	333.180,00	44.726,30	44.726,30	0,00
8 "Activos financeiros"	36.061	11.879,14	3.642,93	8.236,21
	6.484.978,00	5.185.376,79	5.094.212,51	91.164,28

A recadación dos dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores foi polos importes e conceptos seguintes:

Capítulos	Saldo inicial dereitos	Recadación	Pendientes de cobro
4 "Transferencias correntes"	80.408,74	80.408,74	0,00
5 "Ingresos patrimoniais"	16,92	16,92	0,00
8 "Activos financeiros"	7.928,49	7.714,26	214,23
	88.354,15	88.139,92	214,23



DILIXENCIA:

Para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia na súa sesión do día 13 de xullo de 2016.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2016

O secretario xeral accidental,


Consello de Contas de Galicia
SECRETARÍA XERAL

Manuel J. Santana Suárez